



**Resolución do 30 de xaneiro de 2025, da Universidade da Coruña, pola que se modifica a composición do tribunal que vulgará as probas selectivas para a provisión catro prazas vacantes na relación de postos de traballo de persoal técnico de xestión e de administración e servizos, funcionario/a da escala técnica auxiliar de servizos, subgrupo C2.**

Por Resolución do 18 de decembro de 2024, nomeouse e publicouse a composición do tribunal que vulgará as probas selectivas para o ingreso na escala técnica auxiliar de servizos, subgrupo C2, convocadas mediante a Resolución do 30 de maio de 2024 (DOG do 10 de xuño).

M<sup>a</sup> Teresa Mato Pintané, presidenta titular do tribunal destas probas selectivas, presenta a súa abstención e solicita non intervir no procedemento por darse a causa establecida no apartado C do artigo 23 da *Ley 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público*.

M<sup>a</sup> Jesús Caínzos López, presidenta suplente do tribunal, presenta un escrito no que declara que por circunstancias persoais sobrevidas, precisa renunciar como membro do indicado órgano de selección.

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 10 de xullo de 2024,

RESOLVE:

1º Aceptar a abstención de M<sup>a</sup> Teresa Mato Pintané, como presidenta titular do tribunal destas probas selectivas, e nomear a Íñigo Cruzado Beitia, funcionario da Universidade da Coruña, no seu lugar como presidente titular.

2º Aceptar a renuncia presentada por M<sup>a</sup> Jesús Caínzos López, como presidenta suplente do tribunal e nomear a Óscar Lodeiro Hermida, no seu lugar como presidente suplente.

A Coruña, asinado dixitalmente  
A xerenta  
PD Reitor (RR 10.07.2024)  
M<sup>a</sup> Jesús Grela Barreiro

Código Seguro De Verificación	MJ+yyNJQXXUq8xZgljBoTQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	30/01/2025 10:25:33
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/MJ+yyNJQXXUq8xZgljBoTQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/MJ+yyNJQXXUq8xZgljBoTQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

